

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004137	Ramón M ^a Aller Ulloa	Lalín	2020/2021

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0222	Sistemas operativos monoposto	2020/2021	6	160	192

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JUAN MANUEL CARBALLO LAMAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A meta do ciclo formativo é a inserción do alumnado no mundo laboral dun xeito rápido e eficaz. Neste sentido proporciónase ao alumnado técnicas e métodos que garanten a adquisición de coñecementos e destrezas para desenvolverse na área profesional.

É necesario ter en conta que o avance tecnolóxico na área da informática prodúcese a ritmo moi acelerado, polo que o alumnado debe ser capaz de adaptarse aos cambios que se produzan. Do mesmo xeito, estes cambios deben terse en conta na elaboración desta programación.

Na zona emprázanse varias pemes e pequenas empresas relacionadas co sector informático coas que o departamento de informática mantén contactos e nas que os alumnos e alumnas realizan a formación no centro de traballo e ás que posteriormente se poderían incorporar.

Este módulo contén a formación necesaria para instalar e configurar o software base en sistemas microinformáticos

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Introdución ós sistemas informáticos		18	10
2	Concepto de sistema operativo. Elementos e estrutura		24	7
3	Xestión de recursos dun SO		24	5
4	Máquinas virtuais		12	10
5	Instalación de sistemas operativos monoposto		8	5
6	Configuración e administración de windows		24	15
7	SO Windows en modo texto		24	10
8	Instalación de GNU/Linux		10	8
9	Explotación do SO Linux en modo comando		24	15
10	Configuración e administración en Linux		24	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Introdución ós sistemas informáticos	18

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os fundamentos e as funcións dos sistemas operativos e os sistemas de ficheiros, e identifica os seus elementos.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse e describíronse os elementos funcionais dun sistema informático.
CA1.4 Describiuse a arquitectura dos sistemas operativos.

4.1.e) Contidos

Contidos
Sistema informático.
Evolución dos sistemas operativos: versións.
Sistemas operativos actuais.
Compoñentes físicos do sistema informático.
Software de base dun sistema informático.
Concepto, elementos e estrutura dun sistema operativo.
Clasificación dos sistemas operativos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Concepto de sistema operativo. Elementos e estrutura	24

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os fundamentos e as funcións dos sistemas operativos e os sistemas de ficheiros, e identifica os seus elementos.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Codificouse e relacionouse a información en varios sistemas de representación.

4.2.e) Contidos

Contidos
Sistemas de representación da información.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Xestión de recursos dun SO	24

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os fundamentos e as funcións dos sistemas operativos e os sistemas de ficheiros, e identifica os seus elementos.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Analizáronse as funcións dos sistemas operativos.
CA1.5 Identificáronse os procesos e os seus estados.
CA1.7 Describiuse a estrutura e a organización do sistema de ficheiros.
CA1.8 Constatouse a utilidade dos sistemas transaccionais e as súas repercusións ao seleccionar un sistema de ficheiros.

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Transaccións: sistemas transaccionais.</p> <p>Software de base dun sistema informático.</p> <p>Funcións do sistema operativo: recursos.</p> <p>Procesos do sistema operativo: estados dos procesos; prioridade.</p> <p>Sistemas de ficheiros: tipos e características.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Máquinas virtuais	12

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os fundamentos e as funcións dos sistemas operativos e os sistemas de ficheiros, e identifica os seus elementos.	NO
RA2 - Instala sistemas operativos, para o que consulta e interpreta a documentación técnica.	NO
RA6 - Utiliza máquinas virtuais, identifica o seu campo de aplicación e instala software específico.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Identificáronse as posibilidades de partición do subsistema de almacenaxe.
CA2.4 Creáronse e formatáronse as particións necesarias nos dispositivos de almacenaxe.
CA6.1 Diferenciouse entre máquina real e máquina virtual.
CA6.2 Establecéronse as vantaxes e os inconvenientes do uso de máquinas virtuais.
CA6.3 Analizáronse as principais ferramentas para a creación e a utilización de máquinas virtuais.
CA6.4 Instalouse software libre e propietario para a creación de máquinas virtuais.
CA6.5 Creáronse máquinas virtuais a partir de sistemas operativos libres e propietarios.
CA6.6 Configuráronse máquinas virtuais.
CA6.7 Documentáronse as opcións tomadas na elección, na instalación e na configuración da máquina virtual.
CA6.8 Relacionouse a máquina virtual co sistema operativo anfitrión.
CA6.9 Realizáronse probas de rendemento do sistema

4.4.e) Contidos

Contidos
Partición dos dispositivos de almacenaxe.
Virtualización e máquina virtual: vantaxes e inconvenientes.
Software propietario e libre para a creación de máquinas virtuais: instalación.
Creación de máquinas virtuais para sistemas operativos propietarios e libres.
Configuración e utilización de máquinas virtuais.
Relación co sistema operativo anfitrión.
Análises da actividade do sistema.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Instalación de sistemas operativos monoposto	8

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os fundamentos e as funcións dos sistemas operativos e os sistemas de ficheiros, e identifica os seus elementos.	NO
RA2 - Instala sistemas operativos, para o que consulta e interpreta a documentación técnica.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Identifícanse as posibilidades de partición do subsistema de almacenaxe.
CA1.7 Describiuse a estrutura e a organización do sistema de ficheiros.
CA1.8 Constatouse a utilidade dos sistemas transaccionais e as súas repercusións ao seleccionar un sistema de ficheiros.
CA2.1 Analizouse a documentación técnica do hardware para verificar a súa idoneidade.
CA2.2 Seleccioneuse o sistema operativo.
CA2.3 Elaborouse un plan de instalación a partir dos manuais do sistema operativo.
CA2.4 Creáronse e formatáronse as particións necesarias nos dispositivos de almacenaxe.
CA2.5 Configuráronse parámetros básicos da instalación.
CA2.6 Instalouse o sistema operativo.
CA2.7 Configurouse un xestor de arranque.
CA2.8 Instaláronse os controladores de dispositivo necesarios.
CA2.9 Documentáronse as decisións tomadas e as incidencias xurdidas no proceso de instalación.
CA2.10 Respectáronse as normas de utilización do software (licenzas).
CA2.11 Traballouse con sistemas operativos libres e propietarios.

4.5.e) Contidos

Contidos
0Transaccións: sistemas transaccionais.
Sistemas de ficheiros: tipos e características.
Requisitos técnicos do sistema operativo.
Planificación da instalación.

Contidos

Partición dos dispositivos de almacenaxe.

Selección dun sistema de ficheiros.

Xestores de arranque.

Tipos de instalación: típica e personalizada.

Controladores de dispositivos.

Parámetros básicos da instalación.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Configuración e administración de windows	24

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Instala sistemas operativos, para o que consulta e interpreta a documentación técnica.	NO
RA3 - Realiza tarefas básicas de configuración de sistemas operativos, para o que interpreta requisitos, e describe os procedementos seguidos.	SI
RA4 - Realiza operacións básicas de administración de sistemas operativos, para o que interpreta requisitos, e dispón o sistema para o seu uso óptimo.	SI
RA5 - Realiza tarefas de xestión e administración básica de sistemas operativos, para o que utiliza ferramentas en liña de comandos.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.8 Instaláronse os controladores de dispositivo necesarios.
CA3.1 Diferenciáronse as interfaces de usuario segundo as súas propiedades.
CA3.2 Aplicáronse preferencias na configuración do contorno persoal.
CA3.3 Xestionáronse os sistemas de ficheiros específicos.
CA3.4 Distinguíronse os atributos dun ficheiro dos dun directorio.
CA3.5 Recoñecéronse os permisos dos ficheiros e dos directorios.
CA3.6 Utilizáronse os asistentes de configuración do sistema (acceso a redes, dispositivos, etc.).
CA3.7 Comprobouse a existencia de actualizacións do sistema operativo e dos controladores de dispositivos.
CA3.8 Realizouse a instalación dos parches do sistema operativo e das versións actuais dos controladores de dispositivos.
CA3.9 Realizouse a configuración para a actualización periódica do sistema operativo.
CA3.10 Documentáronse os procesos de actualización realizados sobre o sistema.
CA3.11 Executáronse operacións para a automatización de tarefas do sistema.
CA3.12 Realizáronse operacións de instalación e desinstalación de utilidades.
CA3.13 Aplicáronse métodos para a recuperación do sistema operativo.
CA4.1 Configuráronse perfís de usuario e grupo.
CA4.2 Utilizáronse ferramentas gráficas para describir a organización dos ficheiros do sistema.
CA4.3 Actuouse sobre os procesos do usuario en función das necesidades puntuais.
CA4.4 Actuouse sobre os servizos do sistema en función das necesidades puntuais.

Criterios de avaliación
CA4.5 Aplicáronse criterios para o óptimo aproveitamento da memoria dispoñible.
CA4.6 Analizouse a actividade do sistema a partir das trazas xeradas polo propio sistema.
CA4.7 Dispuxéronse os dispositivos de almacenaxe para un óptimo funcionamento.
CA4.8 Recoñecéronse e configuráronse os recursos compartibles do sistema.
CA4.9 Interpretouse a información de configuración do sistema operativo.
CA5.1 Identificáronse as diferenzas entre as interfaces gráficas e as interfaces en liña de comandos.

4.6.e) Contidos

Contidos
Controladores de dispositivos.
Selección de aplicacións básicas para instalar.
Arranque e parada do sistema: sesións.
0Engadir e eliminar hardware do sistema operativo.
Agregar, eliminar e actualizar software do sistema operativo.
Operacións de reparación do sistema operativo.
Configuración da conexión a internet.
Programación de tarefas.
Interfaces de usuario: tipos, propiedades e usos.
Utilización do sistema operativo: modo orde e modo gráfico.
Explotación do sistema operativo.
Configuración das preferencias de escritorio.
Ficheiro e directorio: atributos e permisos.
Compresión e descompresión.
Actualización do sistema operativo e dos controladores de dispositivos.
Xestión de perfís de usuarios e grupos locais. Contraseñas.
0Base de datos de configuración e comportamento do sistema operativo, do hardware instalado e das aplicacións.
Xestión do sistema de ficheiros.
Ferramentas para a xestión de ficheiros e directorios.
Xestión dos procesos do sistema e de usuario.
Rendemento do sistema. Seguimento da actividade do sistema.
Activación e desactivación de servizos.
Compartición de recursos.

Contidos
Xestión de dispositivos de almacenaxe.
Xestión de impresoras.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	SO Windows en modo texto	24

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza tarefas básicas de configuración de sistemas operativos, para o que interpreta requisitos, e describe os procedementos seguidos.	NO
RA5 - Realiza tarefas de xestión e administración básica de sistemas operativos, para o que utiliza ferramentas en liña de comandos.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Diferenciáronse as interfaces de usuario segundo as súas propiedades.
CA3.3 Xestionáronse os sistemas de ficheiros específicos.
CA3.4 Distinguíronse os atributos dun ficheiro dos dun directorio.
CA3.5 Recoñecéronse os permisos dos ficheiros e dos directorios.
CA5.1 Identificáronse as diferenzas entre as interfaces gráficas e as interfaces en liña de comandos.
CA5.2 Estableceuse o modo de acceso á consola e as pautas para o seu uso.
CA5.3 Descríronse as capacidades xerais dos intérpretes de comandos e as posibilidades da súa selección, segundo o sistema operativo.
CA5.4 Utilizáronse comandos para actuar sobre ficheiros e directorios.
CA5.5 Utilizáronse outros comandos habituais propios do sistema operativo.
CA5.6 Aplicáronse redireccións sobre a entrada e a saída dos comandos.
CA5.7 Aplicáronse opcións para modificar o comportamento dos comandos.
CA5.8 Accedeuse á axuda en liña para procurar información sobre a utilización dos comandos.

4.7.e) Contidos

Contidos
Utilización do sistema operativo: modo orde e modo gráfico.
Estrutura da árbore de directorios.
Ficheiro e directorio: atributos e permisos.
Características dos intérpretes de comandos. Caracteres especiais.
Utilización de ordes para a xestión de ficheiros e directorios.
Operación con ficheiros: nome e extensión, comodíns, atributos e tipos.

Contidos

Operación con directorios: nome, atributos e permisos.

Outras operacións comúns na liña de comandos.

Redirección da entrada e da saída.

Activación de opcións nos comandos.

Utilización da axuda en liña.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Instalación de GNU/Linux	10

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os fundamentos e as funcións dos sistemas operativos e os sistemas de ficheiros, e identifica os seus elementos.	NO
RA2 - Instala sistemas operativos, para o que consulta e interpreta a documentación técnica.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Identifícanse as posibilidades de partición do subsistema de almacenaxe.
CA1.7 Describiuse a estrutura e a organización do sistema de ficheiros.
CA1.8 Constatouse a utilidade dos sistemas transaccionais e as súas repercusións ao seleccionar un sistema de ficheiros.
CA2.1 Analizouse a documentación técnica do hardware para verificar a súa idoneidade.
CA2.2 Seleccioneuse o sistema operativo.
CA2.3 Elaborouse un plan de instalación a partir dos manuais do sistema operativo.
CA2.4 Creáronse e formatáronse as particións necesarias nos dispositivos de almacenaxe.
CA2.5 Configuráronse parámetros básicos da instalación.
CA2.6 Instalouse o sistema operativo.
CA2.7 Configurouse un xestor de arranque.
CA2.8 Instaláronse os controladores de dispositivo necesarios.
CA2.9 Documentáronse as decisións tomadas e as incidencias xurdidas no proceso de instalación.
CA2.10 Respectáronse as normas de utilización do software (licenzas).
CA2.11 Traballouse con sistemas operativos libres e propietarios.

4.8.e) Contidos

Contidos
0Transaccións: sistemas transaccionais.
Sistemas de ficheiros: tipos e características.
Requisitos técnicos do sistema operativo.
Planificación da instalación.

Contidos

Partición dos dispositivos de almacenaxe.

Selección dun sistema de ficheiros.

Xestores de arranque.

Controladores de dispositivos.

Parámetros básicos da instalación.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Explotación do SO Linux en modo comando	24

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza tarefas básicas de configuración de sistemas operativos, para o que interpreta requisitos, e describe os procedementos seguidos.	NO
RA4 - Realiza operacións básicas de administración de sistemas operativos, para o que interpreta requisitos, e dispón o sistema para o seu uso óptimo.	NO
RA5 - Realiza tarefas de xestión e administración básica de sistemas operativos, para o que utiliza ferramentas en liña de comandos.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Diferenciáronse as interfaces de usuario segundo as súas propiedades.
CA3.3 Xestionáronse os sistemas de ficheiros específicos.
CA3.4 Distinguíronse os atributos dun ficheiro dos dun directorio.
CA3.5 Recoñecéronse os permisos dos ficheiros e dos directorios.
CA4.1 Configuráronse perfís de usuario e grupo.
CA5.1 Identificáronse as diferenzas entre as interfaces gráficas e as interfaces en liña de comandos.
CA5.2 Estableceuse o modo de acceso á consola e as pautas para o seu uso.
CA5.3 Descríbense as capacidades xerais dos intérpretes de comandos e as posibilidades da súa selección, segundo o sistema operativo.
CA5.4 Utilizáronse comandos para actuar sobre ficheiros e directorios.
CA5.5 Utilizáronse outros comandos habituais propios do sistema operativo.
CA5.6 Aplicáronse redireccións sobre a entrada e a saída dos comandos.
CA5.7 Aplicáronse opcións para modificar o comportamento dos comandos.
CA5.8 Accedeuse á axuda en liña para procurar información sobre a utilización dos comandos.

4.9.e) Contidos

Contidos
Agregar, eliminar e actualizar software do sistema operativo.
Interfaces de usuario: tipos, propiedades e usos.
Utilización do sistema operativo: modo orde e modo gráfico.
Estrutura da árbore de directorios.

Contidos

Ficheiro e directorio: atributos e permisos.

Compresión e descompresión.

Actualización do sistema operativo e dos controladores de dispositivos.

Características dos intérpretes de comandos. Caracteres especiais.

Utilización de ordes para a xestión de ficheiros e directorios.

Operación con ficheiros: nome e extensión, comodíns, atributos e tipos.

Operación con directorios: nome, atributos e permisos.

Outras operacións comúns na liña de comandos.

Redirección da entrada e da saída.

Activación de opcións nos comandos.

Utilización da axuda en liña.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Configuración e administración en Linux	24

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Instala sistemas operativos, para o que consulta e interpreta a documentación técnica.	NO
RA3 - Realiza tarefas básicas de configuración de sistemas operativos, para o que interpreta requisitos, e describe os procedementos seguidos.	NO
RA4 - Realiza operacións básicas de administración de sistemas operativos, para o que interpreta requisitos, e dispón o sistema para o seu uso óptimo.	SI
RA5 - Realiza tarefas de xestión e administración básica de sistemas operativos, para o que utiliza ferramentas en liña de comandos.	NO

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.8 Instaláronse os controladores de dispositivo necesarios.
CA3.2 Aplicáronse preferencias na configuración do contorno persoal.
CA3.3 Xestionáronse os sistemas de ficheiros específicos.
CA3.4 Distinguíronse os atributos dun ficheiro dos dun directorio.
CA3.5 Recoñecéronse os permisos dos ficheiros e dos directorios.
CA3.6 Utilizáronse os asistentes de configuración do sistema (acceso a redes, dispositivos, etc.).
CA3.7 Comprobouse a existencia de actualizacións do sistema operativo e dos controladores de dispositivos.
CA3.8 Realizouse a instalación dos parches do sistema operativo e das versións actuais dos controladores de dispositivos.
CA3.9 Realizouse a configuración para a actualización periódica do sistema operativo.
CA3.10 Documentáronse os procesos de actualización realizados sobre o sistema.
CA3.12 Realizáronse operacións de instalación e desinstalación de utilidades.
CA3.13 Aplicáronse métodos para a recuperación do sistema operativo.
CA4.1 Configuráronse perfís de usuario e grupo.
CA4.2 Utilizáronse ferramentas gráficas para describir a organización dos ficheiros do sistema.
CA4.3 Actuouse sobre os procesos do usuario en función das necesidades puntuais.
CA4.4 Actuouse sobre os servizos do sistema en función das necesidades puntuais.
CA4.5 Aplicáronse criterios para o óptimo aproveitamento da memoria dispoñible.
CA4.6 Analizouse a actividade do sistema a partir das trazas xeradas polo propio sistema.

Criterios de avaliación
CA4.7 Dispuxéronse os dispositivos de almacenaxe para un óptimo funcionamento.
CA4.8 Recoñecéronse e configuráronse os recursos compartibles do sistema.
CA4.9 Interpretouse a información de configuración do sistema operativo.
CA5.1 Identificáronse as diferenzas entre as interfaces gráficas e as interfaces en liña de comandos.

4.10.e) Contidos

Contidos
Controladores de dispositivos.
Selección de aplicacións básicas para instalar.
Arranque e parada do sistema: sesións.
Engadir e eliminar hardware do sistema operativo.
Agregar, eliminar e actualizar software do sistema operativo.
Operacións de reparación do sistema operativo.
Configuración da conexión a internet.
Interfaces de usuario: tipos, propiedades e usos.
Utilización do sistema operativo: modo orde e modo gráfico.
Explotación do sistema operativo.
Configuración das preferencias de escritorio.
Ficheiro e directorio: atributos e permisos.
Compresión e descompresión.
Actualización do sistema operativo e dos controladores de dispositivos.
Xestión de perfís de usuarios e grupos locais. Contraseñas.
Base de datos de configuración e comportamento do sistema operativo, do hardware instalado e das aplicacións.
Xestión do sistema de ficheiros.
Ferramentas para a xestión de ficheiros e directorios.
Xestión dos procesos do sistema e de usuario.
Rendemento do sistema. Seguimento da actividade do sistema.
Activación e desactivación de servizos.
Compartición de recursos.
Xestión de dispositivos de almacenaxe.
Xestión de impresoras.
Características dos intérpretes de comandos. Caracteres especiais.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Consideracións:

Cada avaliación debe ser aprobada por separado.

O alumno que non entregue todas as prácticas obrigatorias, NON poderá ir ao exame da avaliación ou a recuperación e polo tanto non superará a avaliación.

Se non se obtén un mínimo de 5 puntos en cada proba de avaliación non se superará dita proba.

A puntuación de cada elemento obtense como segue:

Actividades de ensino / aprendizaxe (obrigatoria e opcional): O profesor pode propoñer traballos a ser realizados e entregados nas condicións e prazos fixados. Serán puntuadas cun valor numérico entre 0 e 10 ou un APTO/NON APTO. Cada actividade terá un peso asociado no rango 15% - 40%, dependendo da unidade de ensino a avaliar.

A Proba de avaliación específica: A proba escrita será asociada a unha unidade de ensino ou varias, a criterio do profesor. Cada proba valorarase cunha puntuación entre 0 e 10 e considérase superada se é igual ou maior que 5. Terá asociado un peso entre 60% - 100%, dependendo da unidade de ensino.

Para os efectos de redondeo, os inferiores a 0,5 decimal son redondeados para o número enteiro máis baixo. Os superiores a 0,5 no número enteiro máis alto. Esta regra ten dúas excepcións: o intervalo entre 4 e 5 é sempre redondeado a 4.

Cualificación (xuño):

- Se o alumno superou as avaliacións trimestrais, a nota final é a media ponderada das notas obtidas nas avaliacións.
- Se o alumno non superou algunha avaliación, realizará a recuperación desta avaliación (no terceiro trimestre), aplicándose a porcentaxe indicada para a cualificación da avaliación. Posteriormente, farase a media ponderada das avaliacións.

Para superar a avaliación ordinaria a nota do exame final ten que ser igual ou maior a 5.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para o alumnado que non supere algunha das unidades didácticas deseñaranse exercicios similares aos realizados durante o curso, que tamén serán avaliados da mesma forma. Estes exercicios serán realizados de forma autónoma polo alumnado, sendo titorizados e orientados polo profesorado encargado do módulo.

No caso de que na avaliación ordinaria non se supere o módulo, para cada alumno será deseñado un plan individualizado de recuperación con exercicios similares aos realizados durante o curso, que deberán ser realizados polos alumnos de forma autónoma ao longo do curso seguinte. O modo de avaliación será similar ao realizado durante o curso. A realización destes exercicios será obrigatoria. No caso de que non fosen realizados, deberán realizar unha proba final ao final do período de recuperación, na que poderá haber exercicios de calquera das unidades didácticas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Este alumnado será avaliado mediante unha proba no terceiro trimestre. Os criterios de avaliación serán os mesmos que para o resto de alumnado que non perdeu o dereito a avaliación continua.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Comunicación ao alumnado dos mínimos esixibles e criterios de avaliación e cualificación.

O profesor do módulo comunicará os mínimos esixibles ao alumnado na sesión de presentación do mesmo; asemade, indicará os criterios de avaliación que se aplicarán e o seu medio de cualificación.

Seguimento da programación

Unha vez ao mes, nas reunións do departamento de Informática, farase o seguimento da programación, pódose en común as incidencias acontecidas para favorecer a coordinación dos membros do departamento, e evitar duplicidades á hora de impartir as clases, favorecendo os procesos de ensino-aprendizaxe e reflectindo o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións na acta correspondente.

Trimestralmente, o profesor realizará un informe sobre o cumprimento da programación onde se indicará o cumprimento de obxectivos, contidos traballados, resultados académicos e temporalización.

Ao final do curso o profesorado completará un formulario por cada grupo de alumnos aos que impartiu docencia no que se recollerán os seguintes aspectos:

Os contidos traballados e, no seu caso, os motivos polos que algúns deles non se completaron.

Os obxectivos acadados.

A porcentaxe de alumnos que supera o módulo.

As actividades complementarias e extraescolares realizadas e a súa valoración.

Os acordos tomados.

Toda esa información, xunto coas incidencias, cambios e propostas de cambio, serán recollidos na memoria do departamento de Informática que servirá de base para a elaboración da programación do seguinte curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O procedemento para a realización da avaliación inicial será o que segue:

O profesorado encargado de impartir a docencia deste módulo, deseñará unha actividade que realizará o alumnado na primeira semana de clase despois do inicio do curso para recoller os coñecementos iniciais do alumnado. Os resultados axudarán a ter unha idea do nivel do alumnado, e axudarán a deseñar as estratexias durante o curso para a elaboración de tarefas.

As valoracións que se realicen deberán ter un carácter cualitativo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados, deseñaranse tarefas de apoio ou reforzo, cuxo obxectivo é apuntalar aquelas eivas detectadas que serán comentadas nas reunións mensuais do departamento de Informática.

Será nesas reunións, onde se propoña o deseño deste tipo de exercicios de apoio ou reforzo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Tendo en conta que unha das nosas metas e a formación integral dos alumnos/as, terase en conta a transversalidade dos valores. Estes concíbense como o conxunto de contidos pertencentes a campos do coñecemento moi diversos, que deben ser abordados cun enfoque interdisciplinario e que se aprecian de maneira integrada tanto nos obxectivos como nos contidos de tódolos módulos que conforman o currículo e consensuado coa dirección do Centro.

- Educación ambiental: Evitar proxectos empresariais non respectuosos co medio ambiente e o perigo de determinados residuos informáticos.
- Educación moral e cívica: Axustarse a lexislación con todo o relacionado co respecto da propiedade intelectual do software, o uso adecuado da Internet...
- Educación para a paz e a convivencia: Promoverase como principio fundamental o respecto mutuo e o respecto ás regras de convivencia no día a día da aula.

Educación do consumidor: Hai diversidade de empresas comerciais e diversidade de produtos. O consumidor ten a posibilidade de elixir de acordo a uns criterios. A posibilidade de elección entre software libre e propietario. Esixir unha documentación correcta e adecuada ás empresas subministradoras. Aprendizaxe para a toma de decisións

Faranse respectar as normas de convivencia na aula, nos recreos e nas gardas e insistirase na importancia do seu cumprimento por todos os membros da comunidade educativa. Educarase nos seguintes valores:

Tolerancia e respecto á dignidade e igualdade de todas as persoas, independentemente da súa condición, sexo, relixión, cultura, etnia, nacionalidade, ideoloxía ou lingua e rexeitarase calquera tipo de discriminación.

Respecto e cumprimento das normas de convivencia do Centro e coidado no uso das dependencias e materiais.

Solidariedade entre todos os membros da comunidade educativa.

Colaboración.

Responsabilidade.

Non violencia.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

A situación acaecida pola pandemia da COVID-19 pon en suspenso a realización de actividades complementarias á formación, polo que non se pograma ningunha.

10. Outros apartados

10.1) Modalidades semipresencial e a distancia

Á vista a situación actual relativa á pandemia, e non descartando que poida haber que impartir as clases en modo semi presencial, ou en modalidade a distancia, os contidos explicados en clase serán dados por transparencias que estarán a disposición dos alumnos na aula virtual. De este modo, tanto se as clases son completamente presenciais como nas outras modalidades, non debería haber cambios nos contidos vistos en clase, máis alá do relativo ao uso dos equipos da aula, pois non todos os alumnos dispoñen na súa casa de equipos coa potencia necesaria para facer virtualización, o que podería supór un problema nesos casos.